

**O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL****CORTE Nº 4 CINTA 3**

Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

**NOME DO DOCUMENTO:**

MPG\_SaVi\_0003\_004\_en\_0\_15\_37\_id623\_D

**AUDIO DE REFERENCIA:**

MPG\_SaVi\_0003\_004\_en\_0\_15\_37\_id623.mp3

**INFORMACIÓN DA ENTREVISTA**

Esta ficha recolle o cuarto corte dos que se divide a terceira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de distintas cuestións relacionadas con varios tipos de embarcacións: a chegada dos barcos a motor, o emprego de balandros para o transporte de mercadorías e pasaxe, o reparto de tarefas nunha embarcación e como se faenaba nos barcos a motor.

**NOTA DAS EDITORAS**

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 22 e 23 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
  - Parroquia:** O Carmen
  - Concello:** Moaña
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

## NOTAS SOBRE O TEXTO

O compilador dividiu o texto da transcripción por tipos de embarcacións.

## PALABRAS CHAVE

mar, embarcación a motor, pesca, mariñeiro, xurelo, Vigo, cerco, Lisboa, caladeiro, balandro, transporte, mercancía, comercio, leña, maquía, raba, Domaio, ría, Moaña, pasaxe, patrón, armador, caña, chalana, aparello, truel, ardora

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 4 DA CINTA 3

### Embarcacións a motor

P: ¿E cando me decía antes de cando empezara a vir os barcos a vapor? sobre o 24 ou 25, así. ¿Quen foi o primeiro que tuvo?. ¿Usté acordase?. A min me comentaran ou teño entendido...

R: Aquí en Moaña, aquí en Moaña o primeiro que tuvo un barco de máquina, foi o difunto de Bufa.

P: De Bufa

R: O vello.

P: Si si.

R: O pai de Gina.

P: Gina, Teresa e todas si.

R: Si, de Teresa e de Maceo. E tuvo, primeiramente, tuvo un barquiño de motor que gobernou o difunto de Maceo despois tuvo un barco de Alemania.

P: Un barco pequeniño

R: Un barco pequeniño, foi a Leixós con el.

P: E o que foi, este José de Serafín<sup>1</sup> ¿non foi dos primeiros en ter barcos?

R: Non. Xa era outro tipo de barcos

P: Trouxera dous de Gijón seica.

R: ¿Qué?

P: Trouxera un par deles de Asturias ¿non?

R: El cando veu, veu de América.

P: El veu de América si.

R: José de Serafín, cando veu de América, pois había estes barcos aquí e colleu a casa esta que ten Agripina, a filla de Agripina e alí instalouse e fixo dous barcos para o arrastre que lle chamaban pastilleras desas de.., como as de Bouzas, que andaban á pareja, logo meteuse no mar, e como había aquela cosecha de

Leixós, e fixo dous barcos para Leixós con redes e todo. E o difunto de Pazó<sup>2</sup>, era fillastro. ¿Coñecécheo?

P: ¿A don José? de pequeno, pero vamos, acórdome cando morrera, pero mui pouco

R: Pois mira, era o señorito máis grande que había en Moaña.

P: ¿Quen José Serafín ou o difunto de Pazó?

R: Era o señorito máis grande de aquí el e mais o defunto de Costas<sup>3</sup> o do Ayuntamiento eran uña e carne,

e chegou a andar a dormir, como un que lle chamaban Jesús O Balouqueiro<sup>4</sup>, chegou a durmir enriba dos aparellos, fixo os aparellos o padrao, cortáronlle a subvención que tiña pola nai, que era a cortadora, e vendía muita carne para Vigo, e non tiña unha chica no

<sup>1</sup> José de Serafín foi alcalde de Moaña en 1914

<sup>2</sup> “José Pazó Rodríguez (1897-1960), hijo de los primeros dueños de la casa y que llegó a ser uno de los hombres de negocios más influyentes de la España de los años 40 y 50, cuando el país vivía en una ilógica autarquía y Pazó fue consejero de varias de las principales empresas, influencia que utilizó para emplear a decenas de moañeses en una época en la que la economía local se basaba, casi en exclusiva, en la pesca”. Extracto dun artigo de El Faro de Vigo: Sas, F.G. (11/03/2012). “El empleador de Moaña”, *Faro de Vigo*. Recuperado de <https://www.farodevigo.es/omorrado/2012/03/11/empleador-moana-17677319.html>

<sup>3</sup> Foi secretario do Concello de Moaña dende os anos 40

<sup>4</sup> Non é José o do Outeiro. Era Jesús o Balouqueiro, pobre de solemnidade, quedou cego. Vivía da comida que lle daba xente (non pedía) e solía durmir nun lavadeiro público cuberto chamado “Fontecán”.



bolsillo e andaba polos aparellos do padrao, e moitas veces nin unha chica no bolsillo tiña. Ese ten un repertorio na cabeza del, na vida del.

P: Si mui grande. Mire e falando diso dos barcos máis antigos, despois chegou a haber unha flota mui grande de barcos de máquinas ¿non?

R: Barcos de motores.

P: Barcos de motores. Sobre o cuarenta e tantos debeu haber aquí máis de cincuenta barcos ¿non?

R: Si, máis de cuarenta barcos, aquí xuntábanse entre aquí, o Con e Meira (?) só había dous..

P: A maioría entre o Con e a praia de Moaña, de motores xa.

R: Aquí nada máis chegou a haber un barco, o de José Serafín, quen tuvo un barco aquí tamén foi o difunto de Bufo que lle chamaban O Diana, tamén un barco do xeito ... así, pero non deron rendimento ningún, había que andar ... a botarlle sempre agua nas caldeiras que non tiñan (inintelixible).

P: Requentábanse moito.

R: Enseguida e despois comprou un motor, foi un dos primeiros...

P: E cando se comprou o motor saíase a fóra das illas ¿non? ¿moitas horas?

R: dúas ou tres horas a pescar o xurelo e iso.

P: E coas traineras tamén se salía a fóra das Illas.

R: Cando había norte.

P: ¿Cando había norte?

R: Porque con calma non.

P: Aquí non se podía.

R: Non se podía ir porque era moito tempo a vogar.

P: ¿A vogar?

R: E co norte íbase en vela e despois cando non se pescaba, o norte amainaba había que vir pa terra, dúas ou tres horas a vogar para coller as Cies, e despois comer catro mexilóns.

P: ¿Nas Cies?

R: Nas Cies a comer catro mexilóns polas pedras. Pasábase mui mal

P: Pasábase mui mal, era mui duro. E ten botado así na pesca bastantes días fóra de Moaña?

R: Tres ou catro días, dous días, tres días, nese tipo de cerco eh.

P: De cerco, a remos ou...

R: Non en motor xa.

P: En motor.

R: A remos.

P: ¿Hasta onde ten chegado?

R: Hasta Lisboa, pola costa de Portugal.

P: E po norte hasta Muros..

R: Hasta Fisterra.

P: Hasta Fisterra todo. E todo ese peixe ¿que o vendían, cando pescaban traíanno para Vigo?

R: Para Vigo.

P: E conservaban con hiezo ¿ou non? como conservaban porque ese levaba varios días.

R: 24 horas, non levaba máis.

P: 24 horas.

R: Cando íbamos a costa de Portugal eran 24 horas.

P: ¿Hasta Lisboa 24 horas? lévalle máis, sería hasta Leixós.

R: Levaba 8 horas.

P: ¿8 horas a Leixós?



R: Os barcos andaban bastante ben, o que eran... tiñan un pouco de forza, xa estaban mui ocupados, viña o aparello, viña a xente e viña o peixe, viña todo, era un barco de 20 metros, non era suficiente para...

P: ¿Entón neses barcos xa tiñan sitios para durmir?

R: Xa. Cando traías pescado o pescado iba... non quedaba nada para durmir.

P: Non quedaba sitio.

R: Non había, porque tiñas que meter o peixe, o peixe botábase, preguntabas si había un ... *jueco* (?) pa metelos.

P: Diante na proa había ¿como lle chaman?

R: Había uns encaixonados pa botar o peixe en cubierta, pero as caixas, abaixo antes de ir a xente, pois tamén se botaba pescado.

P: ¿E a xente que durmía en coes ou.. ?

R: Cando viña libre, en coes, pero cando había pescado...en cubierta

P: Había que ocupar as caixas esas.

R: Víñase en cubierta.

P: ¿Tíñase que durmir en cubierta?

R: Tíñase que durmir en cubierta, coa roupa de augas vestido ¿eh?. Oficio máis señorito de pesca era ese, o caldeo. Salías de aquí, había veces que no verano salías as catro da mañán da casa, porque (inaudible) como decimos nós pa engadar, se che viña viña, se non che viña, poñías outra vara, senón che viña ibas pa illa, fondo na illa a durmir, era o oficio señorito.

P: Máis descansado.

R: Máis descansado, agora que muitas veces había pescado, chegabas as seis ou as sete da tarde a Vigo, mentres botabas o peixe, eran as tres ou catro da mañán e tiñas que sair para ó mar, e ibas sen dormir e sen nada. Papá tocoulle algunha vez.

P: ¿Meu pai? Sí, seica foi un par de veces, non muito.

R: Anduvo con Fanchuco.

P: Por iso.

R: O que leva unha boa equivocación de día en día o modo de pesca que... porque tropeza con muitos inconvenientes, porque realmente non sendo a pesca de bajura todo o que vai arriba zona de arrastre non temos, España non ten caladeros.

P: Ó non ter caladeiro hai que estar supeditados ó que manden outros países.

R: Claro.

### Balandros

P: Pois seguimos co que estabamos falando onte, miramos un pouquiño a... os barcos de pesca pero hai outro tipo de barcos, outro tipo de lanchas que se usaban tamén no mar como eran os balandros.

R: Pero os balandros non se usaban para a pesca.

P: Non se usaban para a pesca claro.

R: Eran de transporte.

P: De transporte si.

R: Porque na zona de Domaio, tiña a zona de transporte solamente de carretar leña, cargaban de leña os lunes e íbanno a vender á Pedra a Vigo ó mercado, como viñan aquí as maquinas e esas cousas ¿non?. E despois tiñan carretas que acarrexaban a arena, iban á Illa a coller arena para os edificios que se facían por aquí.

P: ¿A Illa, e a Barra tamén?

R: E a Barra tamén.

P: ¿E deixaban coller area?



R: Xa sei que agora está prohibido, pero dedicábanse eses. Eran balandros de vela ¿non?, catro homes ou seis homes.

P: ¿E outro tipo de mercancías como viño e sal tamén transportaban?

R: Transportaban para os comercios.

P: Para os comercios.

R: Nos balandros eses, como era O Muiñeiro.

P: Si, eu acordo O Muiñeiro.

R: O Muiñeiro, Lago, Lago vello tamén.

P: Si que viñan detrás da Plaza<sup>5</sup> e facían montañas de sal.

R: E moitas veces os sacos de patatas acarrexaban ó lombo pa' de Ventura<sup>6</sup>, o que acarrexaban moito eran os barriles de raba que nosoutros usábase no mar, porque a raba era hueva de bacalao e xa viña curada.

P: ¿Que a importaban do norte?

R: Si, de Noruega.

P: De Islandia ¿non?

R: A de Islandia era... a hueva de Islandia era outro tipo de..., é máis fina, eu para min solamente comía o pescado porque era máis fina ¿non?. Agora que a de máis sabor era a hueva de bacalao, cando engadábamos parece que o peixe acudía mellor a raba de Noruega que a de Islandia.

P: Da raba habemos falar máis adiante. ¿Había balandros de vela, aparte dos de Moaña, por aquí por Meira tamén había? E por Moaña balandros que...

R: Non. Nada máis que eses dous se dedicaban ó transporte de aquí dos comercios, como agora veñen camións, eses pois iban.

P: ¿E os balandros que eran máis anchos que as traineras?

R: Si home moito máis anchos.

P: En principio ¿que iban a remos tamén e a vela?

R: Iban a remos.

P: Decía que era máis ancha as...

R: Os balandros. Porque eran de transporte, traían a mercancía case en cubierta, sempre, poucas veces botaba... cando botaban abaixo nas bodegas, cando era patata pero a mercancía gorda como barriles de raba, barriles de viño e todas esas cousas, todas viñan en cubierta, todas as traían en cubierta.

P: E ese tipo de balandros que me está falando ¿xa tiñan motor? ou a remo.

R: Non, a remos. O motor foi cando...

P: Iso xa tiñan máis ben, tipo os barcos de ardora ou non ou seguían parecendo traineras

R: ¿Cales?

P: Os balandros.

R: Eran balandros como estes, balandros feitos a propósito como os de Redondela e eses, andaban a eso, eses non tiñan máis ca.. vogaban catro remos, andaba máis a vela que a...

P: Que a remos

R: Si. Cando estaba calma, si había un pouquiño de vento, chégase unha hora máis tarde, chegase unha hora máis cedo, todo era o *achique* (?) da vela.

P: E que tempo lle duraba máis ou menos atravesar a ría ós balandros.

R: Depende había veces que nun cuarto de hora estaban aquí.

P: Si soplaba bastante o vento.

R: Había veces cadráballe norte tiñan que andar as voltas dun lado pa outro para recoller a..

P: Andar en zig zag ¿non?

R: Se había suroeste pois nun cuarto de hora xa estaban aquí.

5 Praza de Abastos no centro de Moaña

6 Comercio de ultramirños case en fronte á Praza de Moaña. Ventura era un dos comerciantes que máis impostos pagaba.

P: ¿E había regatas deles? Non.

R: Ese tipo de barcos nunca tiveron regatas, porque non había estilo. Había un era máis o outro era moi pequeno.

P: ¿E para descargar que varaban na area ou iban ó muelle?

R: Na area.

P: Varaban na area.

R: Varaban na area, tiñan unha rampa, unha tabla grande para embarcar e saltar.

P: ¿E toda a mercancía que a embarcaban en carros de bois ou levábanna ó lombo?

R: Todo ó lombo.

P: Todo ó lombo.

R: Todo.

P: Os costales as fariñas e todo iso.

R: Todo ó lombo dos tripulantes, iban destinadas xa para Ventura, para Namorado, para eses, había aquí tres, tamén a última hora o Trigo<sup>7</sup> vello, ¿non? tamén tiña comercio.

P: Porque eu o que acordo o balandro era de motor, que eran muito máis anchos co do Muíñeiro.

R: Pero despois viñeros os motores os balandros eses mesmos metéronlle motores o primeiro que lle meteu o motor foi Lago, ¿acórdame ben? que foi un Ford, un Ford xa sacado dun coche.

P: Que foi o primeiro motor que se fixo en Moaña nun barco.

R: Si, Ese foi o primeiro motor, un motor sacado dun coche Ford da marca dun coche e meteullo ó barco como prueba saliulle ben e...

P: ¿E foille ben?

R: E foille ben. Hasta que despois viñeron os camións, [*viñeron os camións de transporte e tiraron con eles.*]

P: *Bueno vamos a falar, que se me quedou atrás outra vez, a falar un pouco dos barcos de viaxeiros, que foi donde se me cortou antes.]*<sup>8</sup> estabamos falando antes dos barcos de viaxeiros que iban a vela e ¿eses barcos eran como os balandros ou máis estreitos?

### Barcos de pasaxe

R: De viajeros.

P Si.

R: Os de viaxeiros eran os mesmos balandros, os balandros que se dedicaban a iso, traían a xente e mais a mercancía, e despois foi cando viñeron os vapores de pasaxe, que non había aínda o muelle de madeira, había unhas pedras, había uns lanchóns que estaban amarrados aí a fóra.

P: Alí na Gorita<sup>9</sup>

R: Na Gorita que recollían á xente que viña de Vigo, e despois subían ós lanchóns eses que atracaban no medio das pedras, encima de aquelas pedras que están alí, onde estaban aqueles adoquíns, embarcaban e saltaban, cando había viaxe embarcaban nos lanchóns e iban a embarcar, cando viñan de Vigo embarcaban do vapor, embarcaban na chalana e saltaban.

P: E iso, iban a Vigo e a mercancía encargábanna o mesmo patrón da lancha encargaba a mercancía en Vigo porque ¿non había teléfono daquela?

7 Tendas de Ventura, Namorado e de Trigo, estaban próximos á Praza de Moaña e vendían de todo.

8 O texto entre corchetes [] non se escoita no audio, pero o compilador achegou o seu contido.

9 A Gorita é un topónimo interesante porque era un lugar onde posiblemente houbera unha garita de control da Granxa do Con, tamén chamado O Real por pertencer ao marquesado de Méndez Núñez. Ese atraque estaría a uns trescentos metros ao norte do actual peirao de pasaxeiros.





R: Non. En Vigo moitas veces iban os dueños da mercancía a comprar a Vigo, iban con eles.

P: A comprar a Vigo.

R: Moitas veces. Despois mandábanlle no vapore, despois descargábanna en terra nos lanchóns e recollía o dueño.

### Traíñeira

P: Bueno falando tamén un pouco da diversificación do traballo nos barcos, principalmente nos barcos da ardora que era ou nas traineras, aqueles eran mandados por un patrón.

R: Era o patrón, era o que mandaba en todo, desde o momento en que saía o barco de puerto. Porque ti tiñas un barco e ti eres o patrón.

P: ¿O patrón se encargaba de avisar á xente?

R: O patrón buscaba xente de confianza del, o patrón... o armador tiña un barco e buscábate a ti para gobernar, para dirigilo, preparábache os aparellos, preparábache todo, ti decíaslle, eu quero aquilo, quero aquilo, si pode, e salen po mar, e manda el. Ahora en terra, desde o momento que está en terra o patrón xa non manda nada, solo manda nas maniobras.

P: Desde que sale po mar hasta que chega.

R: Alí no momento que chega o barco en terra, amarra o patrón márchase para súa casa, dalle órdenes o patrón ós tripulantes “mañán, as dúas, as catro, as seis salimos para o mar”.

P: Normalmente salían para o mar á tardiña ¿non?

R: Podían tardar unha hora para ir a máis lonxe ou iso (inaudible)... a ruta, comprendes. mándache de vir as catro e algúns viñeron ás cinco, pero o barco xa salira.

P: Quedaron en terra

R: Quedaron en terra, eses (inaudible)

P: Non tiñan dereito ningún

R: Ningún.

P: E mentras iban en ruta, iban para o mar, xa dividían o traballo, o patrón mandáballe a cada un xa o que tiña que facer, preparar os aparellos...

R: Si preparar todo, aquel home que quedou en terra. quedou exento de todas as maniobras que se fan. non ten moita ración de nada absolutamente na pesca que capturen. A pesca que *capturen* (?), a modo de un tanto por cento lle corresponde a xente, (inaudible) como é a base de... é a metade ou a parte que lle toca a xente, é parte deles, que son catorce e foron sete solo ó mar, pois o monte maior correspóndelle os sete non ós catorce, porque foron sete de tripulación.

P: Normalmente cando se iba ó mar ¿que se levaba? unha roupa de faena, unha patela, algo de comida.

R: Si, algo de comida.

P: E de bebida ¿non?

R: De bebida ....

P: ¿Non? ¿Levaban gaseosas, cervezas ou viño?

R: Caña, caña de terra.

P: Caña de terra, usábase moito.

R: Mentres o tripulante non se...

P: Non se emborracharan.

R: E repartíamos. Ahora que... era unha cousa fiel ¡eh!, pero había algúns que eran vagos tamén.

P: Había de todo, claro. Había que tirar por eles para facelos traballar.





R: E moitas veces porque uns a outros... Porque sempre hai rateros ¿non?. E os outros comentan, o traballo repartimos todos, porque todos estamos a traballar ¿non? moitas veces iban ó patrón a decirlle “fulano nunca lle bota man a nada” se matan uns ós outros porque era un traballo...

### Pesca nas embarcacións a motor

P: Claro un traballaba e o outro miraba que non traballaba, cobraba o mesmo, repartían o mesmo e non era así. E cando empezaban a faenar, antes o barco levaba na popa unha chalana, e esa chalana cando topaban peixe...

R: Tirábase ó mar.

P: ¿E ó mar iba con homes?

R: Tirábase ó mar, e unha vez tirada ó mar e a xente preparaba para largar a rede

P: ¿A chalana tiña tres homes dentro?

P: ¿A chalana tiña tres homes dentro?

R: Tres homes estaban destinados.

P: ¿E que función facían?

R: A balizar o aparello cando se largaba. Porque era a baliza. Tirar a boia, vamos.

R: Si, en vez de tirar a boia, tiraban a chalana.

R: A chalana quedaba agarrada con un cabo que era o cabo primeiro do aparello, e ó dar a volta viñas á chalana, a chalana quedaba aquí, facíamos un círculo ó facerlle un cerco ó peixe o barco ven á chalana, porque a chalana non boga nin nada, a chalana está presa co cabo.

P: E despois collen o cabo e métenno a bordo.

R: A bordo do barco e a chalana queda libre, entonces ponse por detrás do aparello.

P: Por fóra do aparello si.

R: Por fóra do aparello. Dicindo algo así, si está normal mar o aparello ou si non está normal. E si miran algo anormal... pero está alí.

P: E siguen os tres homes dentro

R: Os tres homes dentro. En canto se vai xa recollendo o aparello

P: O aparello vanno recollendo homes que están a bordo e meten a plomada un sitio e o corcho por outro.

R: Vaise halando, uns por un paños, polas redes, outros polo corcho, e outros polo puente e van asentando para largar outra vez.

P: Si, sí, é queda estirado a todo o costado da..

R: A todo o costado outra vez para largar de novo.

P: ¿Normalmente que se largaba por babor ou por estribor?

R: Sempre por estribor<sup>10</sup>.

P: Sempre por estribor. Íbase recollendo tamén por estribor ¿non?

R: Non, o aparello sempre pola parte que se largaba o aparello sempre pola parte de babor, largábase así... O barco é este, babor, estribor ¿non? e sempre se largaba por babor, sempre facía esta maniobra.

P: Sempre se collía a babor.

R: Vírase... solo hai un aparello que larga por estribor. A arte.

P: ¿E por que?, porque é máis cómodo, e máis fácil.

R: Porque a arte é para largar en postas, e como deixa un cabo xa en terra. Largan por estribor as redes, veñen así e largan así, aquí ten un cabo que tira en terra, e aquí ten outro cabo que tira en terra,. Estes cabos así como van acortando vanse xuntando, estes cabos. A

<sup>10</sup> Aquí o informante confúndese e se rectifica un pouco máis abaixo. Debería dicir babor.



xente que está tirando polos cabos vense chegando para aquí, e este de aquí, vense chegando para aquí, e fan un pequeno hueco, van collendo as bandas para ir cerrando a arte hasta que chegue o cope.

P: E aquí no barco cando están subindo e están chegando xa ó cope onde ten o peixe todo, despois ¿que o suben con trueles?

R: Si. Porque hai as trampas.

P: As trampas.

R: Porque senón hai que levalo á praia, despois acarrexalo da praia á bordo do barco, hai que vendelo, entón hai unha trampa cêrrase esa trampa entre a lancha da arte e a enviada, que lle chamamos a enviada para levar o peixe a Vigo, fan a trampa, alí cóllenno co truel.

P: E como se vai meter o peixe a bordo no barco da ardora ese ¿que tiña unhas carruchas?

R: ¿O barco da ardora.. ?

P: O barco da ardora cando tiña xa a embolsada diante para subir o peixe ¿axudábanse cunhas carruchas, cunha roldainas para subir?

R: Con aquelas. Engánchase, o truel queda desviado no mar. Entón hai un individuo que colle un... cun gancho, engancha no truel e viran hasta arriba e abocan e vaise metendo pa dentro da caixa.

P: E vaise metendo para as caixas.

R: E vaise metendo para as caixas. As veces tes mala suerte e rompe o *palito* (?). Enganchouche, non está mui práctico, porque ten un individuo que tira polo truel ¿non? vai tirando un pouquiño a pouco, e si acaso engancha na rede, e pode romper a rede, como se ten dado casos.

P: Escapa o peixe todo entonces.

R: Claro.